



## PROTOCOLO ANTI COVID NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DA BAÑA 2020-2021

### 1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo primordial é limitar ao máximo posible a capacidade de transmisión do coronavirus desde o primeiro desprazamento cara á instalación, espazo de práctica ou centro deportivo, durante o feito deportivo, e despois deste. A través das condutas idóneas das persoas implicadas no feito deportivo, probablemente estas poidan ser influentes nas condutas positivas da cidadanía, en contornos familiares, locais, profesionais, escolares, etc.

#### A COVID-19: SÍNTOMAS E FORMA DE CONTAXIO

Segundo o establecido polas autoridades sanitarias, os síntomas máis habituais da covid-19 son a febre, a tose seca e o cansazo. Pode haber outros síntomas atípicos e pouco frecuentes como pode ser dor de garganta, perda do gusto ou olfacto e dores musculares, entre outros.

Unha persoa pode contraer a covid-19 por contacto con outra que estea infectada polo virus. A enfermidade propágase principalmente de persoa a persoa a través das gotículas que saen despedidas do nariz ou a boca dunha persoa infectada ao tusir, esbirrar ou falar. Unha persoa pode contraer a covid-19 se inhala as gotículas procedentes dunha persoa infectada polo virus. Por iso, é importante manterse polo menos a 1,5 metros de distancia dos demais ou usar máscara se non se pode garantir esa distancia interpersoal de seguridade.

Estas gotículas poden caer sobre os obxectos e superficies que rodean a persoa, como mesas, pomos, varandas, material deportivo, etc. de modo que outras persoas poden infectarse se tocan eses obxectos ou superficies e logo tocan os ollos, o nariz ou a boca. Por iso é importante lavar as mans frecuentemente con auga e xabón ou cun desinfectante a base de alcol e evitar tocar os ollos, a boca ou o nariz.

### 2. OBXECTIVO E METODOLOXÍA

O obxecto deste protocolo é establecer a metodoloxía que hai que seguir nas actividades deportivas ofertadas nas Escolas Deportivas Municipais.

### 3. MEDIDAS ORGANIZATIVAS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

Todos os axentes que participan directa ou indirectamente na realidade deportiva deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade covid-19, así como a propia exposición aos ditos riscos.

### **Non deberán acudir á actividade...**

- Se presentan calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) que puidese estar asociada coa covid-19. Neste caso, teñen que contactar co teléfono de atención á covid-19 ou co seu centro de atención primaria e seguir as súas instrucións. Non deben acudir a lugares onde se atopen máis persoas ata que lles confirmen que non hai risco para vostedes ou para as demais persoas. Poden consultar o decálogo de como actuar en caso de síntomas aquí.

([https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludpublica/ccayes/alertasactual/nCoVchina/documentos/20200325\\_Decalogo\\_como\\_actuar\\_COVID19.pdf](https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludpublica/ccayes/alertasactual/nCoVchina/documentos/20200325_Decalogo_como_actuar_COVID19.pdf))

- Se estiveron en contacto estreito (conviventes, familiares e persoas que estivesen no mesmo lugar que un caso mentres o caso presentaba síntomas a unha distancia menor de 2 metros durante un tempo de polo menos 15 minutos) ou compartiron espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada pola covid-19, mesmo en ausencia de síntomas, por un espazo de polo menos 14 días. Durante ese período deben realizar un seguimento por se aparecen signos da enfermidade.

### **3.1 MEDIDAS DE DESINFECCIÓN E LIMPEZA DE SUPERFICIES E MATERIAL**

Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se deben mesturar produtos diferentes.

Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.

Realizaranse tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo. Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña, A Coruña  
Tels.: 981 886 501  
Fax: 981 886 616  
[correo@concellodabana.gal](mailto:correo@concellodabana.gal)  
[www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal)

Disporase de papeleiras pechadas e con accionamento non manual, para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberían contar con bolsa desbotables que se cambie polo menos unha vez ao día.

### 3.2 MEDIDAS PARA OS AXENTES QUE DIRECTA OU INDIRECTAMENTE PARTICIPEN NA PRÁCTICA DEPORTIVA (persoal, deportistas, acompañantes, público, etc.)

Na instalación soamente se poderá realizar actividade en grupos de ata 15 se se realiza na sala de usos múltiples do CPI San Vicente, sen contacto físico e respectando as seguintes regras:

- Con carácter xeral, non se compartirá ningún material, e se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.
- As bolsas, mochilas e efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para esa finalidade.
- Non se poderán compartir alimentos nin bebidas.
- Antes de entrar á actividade o monitor realizará a medición de temperatura.
- Antes de entrar e ao saír do espazo asignado, hai que limpar as mans cos hidroxeles que estarán dispoñibles para o efecto. Tamén é necesario lavar con frecuencia as mans con agua e xabón ou con xel hidroalcohólico, incluso entre tarefas dentro de cada adestramento, nos momentos establecidos polo persoal.
- Os técnicos, monitores ou adestradores deberán manter a distancia de seguridade interpersoal e utilizar máscara. Todos os axentes utilizarán máscara sempre, incluíndo os deportistas, salvo no momento de realizar o adestramento, único momento no que estes estarán exentos de levala.

Seguiranse as condicións establecidas nas táboas seguintes:

#### PÚBLICO

Non está permitida a asistencia de público aos adestramentos nin ás clases das Escolas Deportivas.

#### UTILIZACIÓN DOS VESTIARIOS

Está prohibido o uso de vestiarios.

## PREPARACIÓN DO MATERIAL QUE HAI QUE UTILIZAR NA COMPETICIÓN

As persoas responsables lavarán as mans ou usarán xel hidroalcohólico e desinfectarán o material antes de entregárllelo aos deportistas.

## COMPARTIR MATERIAL

É recomendable utilizar material individual, no caso de ter que compartilo haberá que desinfectalo.

## ALIMENTOS BEBIDAS OU SIMILARES

Non se poderá compartir alimentos bebidas ou similares. Recoméndase marcar os envases utilizados para evitar confusións

MOMENTO	SUXEITOS	MEDIDAS QUE HAI QUE ADOPTAR
Antes de realizar a actividade	Pais/persoas responsables dos menores	Habilitarase unha zona de entrada fóra da instalación, onde os pais ou persoas responsables das e dos menores deben manter as distancias e evitar as aglomeracións para favorecer unha entrada graduada á actividade.
	Monitores/adestradores e deportistas	Deberán absterse de acceder á instalación se se presenta calquera sintomatoloxía (tos, febre, dificultade ao respirar, etc.) que puidese estar asociada coa covid-19. Terán que tomar a temperatura no domicilio antes de desprazarse á instalación, e absterse de acceder se supera os 37,5º.  É necesario dispoñer de máscara para poder acceder á instalación.
		Deberán acceder á instalación coa roupa deportiva que precisen para realizar o adestramento, xa que os vestiarios permanecerán pechados.
		Terán que chegar con 5 minutos de antelación. O horario de chegada deberá cumprirse rigorosamente, non se poderá acceder á instalación con antelación á hora designada para o adestramento.
		Entrarán na instalación polo lugar habilitado e respectando a distancia de seguridade interpersoal.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña, A Coruña  
Tels.: 981 886 501  
Fax: 981 886 616  
[correo@concellodabana.gal](mailto:correo@concellodabana.gal)  
[www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal)

		Será obrigatorio desinfectar o calzado á entrada da instalación deportiva; para isto, habilitarase unha alfombra desinfectante que deberá ser utilizada a conciencia polas persoas usuarias.
		Os deportistas e técnicos desinfectarán as mans con xel hidroalcohólico.
		Manterase en todo momento a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Será obrigatorio usar protección respiratoria en todo momento.
		Seguiranse as indicacións do persoal responsable da instalación.
Durante a realización da actividade	Público	Prohibirase o acceso á zona de adestramento/ actividade deportiva de calquera persoa allea á actividade
	Monitores/adestradores	É obrigatorio utilizar máscara de protección respiratoria.
		Daráselle prioridade ás actividades físicas nas que non haxa contacto físico nin oposición.
	Deportistas	Será obrigatorio utilizar máscara para a práctica deportiva.
		Os deportistas deben dispoñer, ao alcance da man, de todos os elementos precisos para realizar a actividade deportiva, en ningún caso llos facilitará un compañeiro/a.
Non se deben compartir alimentos, bebidas ou similares. Recoméndase marcar os envases utilizados para evitar confusións		
Monitores/adestradores e deportistas	Hai que rematar 5 minutos antes a actividade no caso de actividades que non impliquen a utilización de material e 10 minutos de ser necesaria a súa utilización para poder desinfectalo.	
	Os grupos serán como máximo de 14 alumnos é 1 monitor/a.	

Despois da realización da actividade	Deportistas	Elementos como as toallas, chancletas ou similares deben ser sempre de uso individual
		Os deportistas deben gardar, xunto cos demais elementos persoais, as máscaras de protección respiratoria, de xeito que non dea lugar a confusións en canto a quen é o propietario. En caso necesario marcarase o nome do deportista na máscara.
	Monitores/adestradores e deportistas	Os deportistas e técnicos desinfectarán as mans con xel hidroalcohólico antes de saír da instalación.  A saída da instalación realizarase polo lugar habilitado e respectando a distancia de seguridade interpersoal. É totalmente necesario abandonar a instalación en canto finalice a práctica deportiva para evitar calquera contacto físico e evitar riscos.
	Pais/persoas responsables dos menores	Habilitarase unha zona de recollida fóra da instalación, onde deben manter as distancias e evitar as aglomeracións para unha recollida graduada dos usuarios en caso de ser menores.

### 3.3.-PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ANTE A SOSPEITA DE COVID19

No caso de que unha persoas usuaria do servizo de deportes do Concello da Baña ou un traballador/a teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao Servizo Galego de Saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade (<https://www.sergas.es/Saude-publica/Novo-coronavirus-2019-nCoV?idioma=es>). Neste senso, considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.

En referencia ao anterior recoméndase unha autoavaliación diaria de posible sintomatoloxía por parte das persoas usuarias e dos traballadores/as das instalacións.

En caso de detección dun sospeitoso por COVID-19 no entorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. A persoa afectada retirarase do grupo e conducirse a outro espazo, facilitándolle



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña, A Coruña  
Tels.: 981 886 501  
Fax: 981 886 616  
[correo@concellodabana.gal](mailto:correo@concellodabana.gal)  
[www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal)

unha máscara cirúrxica. Este espazo deberá ser elixido previamente, e debería contar con ventilación axeitada, e una papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar. Contactarase co centro de saúde correspondente á persoa ou co teléfono de referencia (900 400 116), e seguirán as súas instrucións. Si se percibira gravidade chamarase ao 061.

Haberá que realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección deste espazo e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde á situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito noutro lugar onde se determine.

En todo caso, seguiranse en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.

#### 4. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Para participar nas actividades deportivas organizadas polo Concello, dentro das Escolas Deportivas Municipais, será obrigatorio presentar firmado un documento de aceptación das condicións de participación, obriga de información e consentimento informado para participar na actividade.

**\*No caso de que xurda un gromo nunha das instalacións ou actividades municipais, automaticamente cesará o uso da instalación ou actividade e haberá que contactar coas autoridades competentes para cumprir as súas indicacións.**

#### 6 ANEXOS

- Planos das instalacións